

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e o Centro de Investigación de Tecnoloxías de Telecomunicacións da Universidade de Vigo (en adiante atlanTTic)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar co atlanTTic o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e o atlanTTic nas accións dirixidas ao asesoramento nas tecnoloxías relativas á intelixencia artificial, o procesamento da linguaxe natural e as bases de datos no campo do proxecto EdugallIA coa finalidade de deseñar plataformas dixitais que axuden á loita contra ou fracaso escolar e abandono educativo temperán.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir *"apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas"*.

Que o atlantTic é una institución pública sen ánimo de lucro, ten como misión impulsar o avance da sociedade a través da xeneración e transferencia de coñecemento no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación e os servizos dixitais. e que ten por obxecto:

- a) A asistencia técnica e o asesoramento tecnolóxico en proxectos de innovación TIC.
- b) O avance da investigación e a innovación en tecnoloxías de telecomunicación e servizos dixitais.

Para levar a cabo estes fins, o atlantTic prestará asesoramento na vertente científica e prestará a súa colaboración na difusión de información a través de



estudios que resulten de interese para a comunidade tanto científica como educativa no marco do citado proxecto EdugallIA.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da loita contra o abandono escolar e o abandono educativo temperá, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

